

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas
na Natureza**

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Máster Universitario en Dirección de Actividades
Educativas na Natureza**

Curso Académico: Curso 2022-2023

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s onde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudio presencial
Curso de implantación	2010
Data acreditación ex ante (verificación)	20/07/2016
Data renovación acreditación	30/06/2010

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster mantén o seu interese tanto desde unha perspectiva académica e profesional como porque segue a ter unha gran demanda como corrobora que se cubriran todas as prazas ofertadas, a pesar da complicada situación coa pandemia. É unha titulación que amosa a extraordinaria cultura que se desenvolve ao aire libre tanto no eido da educación formal como non formal, con moi diferentes enfoques, que forman parte dunha educación que necesita do medio natural para ser completa (Gilberson, Ewert, Siklander, Bates, 2022). Os efectos da pandemia ademais amosaron que a educación ao aire libre é unha garantía de saúde e calidade ambiental que estendeu a metodoloxía *Free Flow nas escolas* (Hueso, 2022).

Conforme se ven manifestando nos informes correspondentes a cursos anteriores, o Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título oficial que reúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte e actividades escolares nas contornas rurais e bosques, exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación coa educación no medio natural.

Os seus obxectivos principais manifestados na memoria do título son os seguintes:

- a) Capacitar a educadores y profesores en la alta dirección pedagógica de actividades relacionadas con el tiempo de ocio, el aire libre y el contacto con la naturaleza.
- b) Mostrar a estos educadores los valores educativos de las actividades en la naturaleza y generar actitudes educativas en el trabajo que desarrollan.
- c) Ejercitar al alumnado en la organización, diseño y desarrollo de actividades educativas básicas en la naturaleza y al aire libre.
- d) Desarrollar cualidades humanas para la dirección pedagógica de actividades de ocio y tiempo libre en entornos naturales.
- e) Aplicar el conjunto de estos aprendizajes en un proyecto posible y sostenible en un entorno real.

O aire libre e a educación e en contornas naturais está cobrando cada vez máis importancia non so na educación non formal, senón tamén no ámbito escolar. A conveniencia do título está moi xustificada nun

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

contexto de forte crecemento da educación ao aire libre, unha cuestión que se veu ademais confirmada polas consecuencias que tivo a pandemia do COVID19. Cada vez son mais as escolas que fan parte da súa actividade formativa en contornas naturais, e nos derradeiros vinte e cinco anos xurdiu un movemento educativo vigoroso que torna á natureza como un escenario esencial da educación, como amosan os estudos, entre outros, do profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, Peter Higgins ou Anders Szczepanski, profesor da Universidade de Linköping (Suecia). Este incremento da natureza como espazo educador ten como corolario títulos específicos de grao e posgrao que, como este Máster, se imparten noutros países europeos, Estados Unidos ou Australia.

Así, a educación ao aire libre conta con organizacións internacionais nas que participa o Máster. A rede máis importante delas é *The European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning (EOE)* [The Institute - EOE Network \(eoe-network.eu\)](http://TheInstitute-EOENetwork(eoe-network.eu)), tendo participado este Máster nas conferencias de Laugarin Sælingsdal (Islandia, 2014), Plymouth (Reino Unido, 2016), Bohinj (Eslovenia, 2017) e Tralee (Irlanda, 2019). Nestas reunións internacionais o Máster presentou comunicacións científicas e actualizou os principais contidos do que é e comprende a educación ao aire libre, o que significan as distintas ideas arredor dos obxectivos que persigue a titulación, as necesidades socioeconómicas que implica desenvolver este tipo de educación segundo os requirimentos da formación que reciben os estudantes. Ademais é importante a transferencia do coñecemento aos profesionais de proximidade, como foi a celebración do Primeiro Foro de Debate Lucense sobre Educación na Natureza celebrado en outubro e novembro de 2021, que permitiu difundir o coñecemento e experiencia acumulado no Máster por primeira vez fora do ámbito universitario.

En España existen aínda poucas iniciativas federativas, destacando a asociación EDNA, un espazo de encontro e intercambio de experiencias e consolidación de proxectos educativos na natureza, que agrupa ás escolas do bosque e as iniciativas máis anovadoras que se están desenvolvendo actualmente no noso ámbito, con coñecidas achegas galegas como é o caso de Amadahi ou Nenea. Actualmente esta asociación ten adheridas ata agora 49 escolas na natureza, [Ver en <https://asociacionedna.wordpress.com/>].

A matrícula mantense ao longo do tempo como indica o cadro

Curso	Estudantes de nova matrícula	Estudantes que defenderon o TFM		Estudantes que remataron
2011-2012	29	23		23
2012-2013	28	19		19
2013-2014	15	12		12
2014-2015*	-	3		3
2015-2016	28	26		26
2016-2017	27	18		16
2017-2018	24	28		27
2018-2019	15	11		10
2019-2020	25	26		26
2020-2021	25	29		29
2021-2022	24	13		12
TOTAL	240	207		203

* O Máster non se ofertou neste curso

A demanda do Máster no curso 2021-2022 estivo condicionada polas restricións que impoñía a pandemia do COVID19. Aínda así, houbo unha preinscrición intensa, prematriculándose bastantes estudantes estranxeiros. A preinscrición foi a máis alta desde 2015. Porén tamén foi o ano cun número máis alto de renuncias.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

ESTADÍSTICA XERAL DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA EN MÁSTER DAEN 2015-2021 (Convocatoria xeral e vacantes)

2015-2016

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	28	56	28	1
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	-	0	0	0

2016-2017

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	43	27	2
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	2	0	2

2017-2018

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	40	23	0
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	2	1	0

2018-2019

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	28	15	0
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	2	0	0

2019-2020

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	36	23	0
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	12	2	0

2020-2021

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	56	25	28
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	3	0	3

2021-2022

Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
M.U. en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)	22	57	21	35
Máster	Nº de prazas	Nº de solicitudes	Nº de matrículas*	Renuncias
Reserva estudantes estranxeiros	3	5	3	0

En principio ocupáronse todas ás prazas, pero xa coa matrícula pechada, un dos estudantes admitidos se deu de baixa non sendo xa posible cubrir esa praza que quedou vacante. Ademais dúas das estudantes estranxeiras unha procedentes de China e outra de Cuba, tampouco puideron chegar por non obter visado de

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

saída do seu país (posiblemente polo COVID19) polo que o número final de matriculados foi de 22.

Ano académico	Titulación de procedencia	Num. de estudantes
2021-2022	Grao en Educación Infantil pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Educación Primaria pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Educación Primaria pola Universidade de Sevilla	1
	Grao en Educación Primaria pola Universidade de Vigo	1
	Grao en Mestre en Educación Infantil pola USC	5
	Grao en Mestre en Educación Primaria pola USC	5
	Grao en Traballo Social pola Universidade de Vigo	1
	Estudos Realizados no Estranxeiro	7
	Resolución reitoral de equivalencia	1
	Mestre-Especialidade en Educación Primaria	1
Total 2021/2022		24

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns (ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2021/2022 Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

A porcentaxe de estudantes nacionais de nova matrícula de fóra de Galicia segue a ser moi escasa, aínda que o indicador [IN09M](#), estímase que a realidade é que apenas chegaron estudantes doutras comunidades, que estimamos nun 4,16%

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	7,14	5,56	19,35	15,79	4,55	23,53	12,12	11,54

Porén os estudantes estranxeiros aumentaron notablemente en relación con anos anteriores, e contando que o ano anterior non houbo presenza de estudantes estranxeiros, esa é a promoción que máis estudantes estranxeiros acadou.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	-	-	-	8,33	6,66	20	-	25
Total (%)	-	-	-	5,26	4,55	8,82	3,03	23,08

A primeira estimación é de elaboración propia. Refírese aos estudantes estranxeiros matriculados e asistentes ao curso en relación cos estudantes de nova matrícula tamén asistentes. A segunda refírese ao indicador [IN08M](#) tal como foi recibido, que indica “Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming”, que inclúe a todos os estudantes matriculados, na que se estima que se inclúen os estudantes matriculados que teñen pendente a defensa do Traballo Fin de Máster.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Matrícula Total	36	31	38	22	34	33	31
Matrícula de acceso	28	27	24	15	25	25	24
Relación porcentual	77,77	87,09	63,15	68,18	73,52	75,75	77,41

En referencia ao conxunto de matriculados en relación cos estudantes que seguen pendentes de rematar os seus estudos ven sendo bastante similar á de cursos anteriores (cadro superior). Sempre existe un remanente de estudantes de cursos anteriores que teñen pendente, fundamentalmente, o Traballo Fin de Máster

Outra cuestión novidosa nesta promoción é que non só é que ten máis estudantes estranxeiros, senón a que

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

ten menos estudantes egresados da USC, polo que houbo un importante índice de captación de estudantes.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	54.84	65.79	86.36	61.76	72.73	50.00

A titulación de entrada dos estudantes que cursan este Máster seguen a ser maioritariamente graduados en mestre en Educación Infantil e Primaria. A nota media de entrada dos estudantes segue a estar por enriba dos sete puntos, e neste caso foi a puntuación media máis alta de entrada desde a primeira promoción do título:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	7,89	7,60	7,56	7,79	7,61	7,79	8,10

A porcentaxe de estudantes que acceden ao título con máis de seis punto é do 100%. Contando con que a pandemia fixo que moitos estudantes se botaran para atrás nas súas intencións de matrícula, a alta preinscrición (2,48 estudantes por praza ofertada) e que finalmente se cubriran todas as prazas, aínda que houbo unha renuncia cando xa non podía volver a ser ofertada, e outras dúas persoas que aínda matriculadas non puideron comparecer, sen dúbida supuxo un importante éxito na demanda do título. No segundo semestre houbo dúas novas estudantes de nacionalidade estranxeira que se matricularon pero non compareceron.

En síntese o perfil dos 25 estudantes admitidos é o seguinte:

Procedencia dos estudantes curso 2021-2022	Núm.	%
Estudantes estranxeiros, nacionalidades: 1 Alemaña, 2 Arxentina, 2 China, 1 Cuba, 1 México, 1 Uruguay.	8	32
Estudantes de outras comunidades autónomas (Sevilla, Andalucía)	1	4
Estudantes da USC	12	48
Estudantes da Universidade de Vigo	2	8
Estudantes da Universidade de A Coruña	2	8
Sexo		
Homes	7	28
Mulleres	18	72
Titulación		
Grao mestre en Educación Primaria	10	40
Grao mestre en Educación Infantil	6	24
Outras titulacións en Educación (estudantes estranxeiros)	4	16
Linguas, filoloxía (estudantes estranxeiros)	3	12
Outras titulacións	2	8
Rangos de idade, por ano de nacemento		
1984-1990	6	24
1991-1995	7	28
1996-1997	8	32
1998-1999	4	16

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación,

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A estrutura do Máster é modular, existindo por cada módulo un coordinador. Así como existe un docente que coordina o Traballo Fin de Máster e outro o prácticum. A coordinación de módulo implica a pertenza á Comisión de Título. Os módulos realizan reunións de coordinación. Tamén son quen de atender en titoría calquera dúbida ou orientación que necesiten os estudantes sobre as aprendizaxes e o desenvolvemento do traballo interdisciplinar. O desenvolvemento das actividades académicas se cumpre conforme o deseño anual que se fai no plano de estudos. O grupo único está fixado en 25 estudantes, que permite o seu manexo razoable para saídas a contornas naturais e visitas.

En relación coa pandemia, o grupo de alumnos desenvolveu actividades de clases interactivas nun aula co tamaño suficiente como para garantir o estrito cumprimento das normas sanitarias de hixiene, ventilación e distanciamento persoal. As saídas ao aire libre se desenvolveron cumprindo coas normas establecidas pola USC, conforme os protocolos de continxencia e a información proporcionada na propia paxina institucional na web da USC, que mantivo unha Guía fronte á COVID19, recursos para o traballo non presencial, consellos psicolóxicos, así como unha constante renovación da información e recomendacións que se actualizaron periodicamente. En calquera circunstancia, se seguiron as indicacións da Resolución Reitoral do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á COVID19 para o inicio do curso 2020-2021 que foron adaptándoseas circunstancias epidemiolóxicas. Ver en <https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>

En relación coas guías docentes, se examinou se as distintas partes estaban cubertas e se respondían aos requerimentos da memoria do Título. Non se detectou ningunha disonancia salientable entre a metodoloxía, a avaliación e a cualificación dos estudantes, En todo caso, o nivel de consecución das competencias é razoablemente alto.

A metodoloxía activa, e con base na aprendizaxe experiencial, como no curso anterior. veuse parcialmente limitada pola pandemia. As actividades programadas ao aire libre, que constitúen o 50% da actividade do Máster, se puideron desenvolver coas limitacións que as autoridades sanitarias sinalaron periodicamente. As actividades que conlevaban pernocta puideron realizarse, en especial no segundo semestre. Recuperouse non so o programa de A Fonsagrada senón tamén a saída a Picos de Europa no mes de maio.

As actividades realizadas na Fonsagrada se desenvolveron conforme ao seguinte programa:

Dirección de grupos e resolución de conflitos (sesión práctica)

A Fonsagrada (17 a 19 de febreiro de 2022)

Programa

Día 17 de febreiro

09:15 horas. Saída desde Lugo.

10:30 horas. Chegada a Fonsagrada.

12:00 horas. Saída para a ruta do Castañoso.

17:30 horas. Regreso da Ruta do Castañoso.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

18:00 horas. Sesión de revisión.
18:45 horas. Sesión lúdica.
20:15 horas. Paseo pola vila.
11:00 horas. Regreso ao Albergue.

Día 18 de febreiro

09:30 horas. Saída para A Fornaza.
14:15 horas. Chegada á Ponte de Vilabol.
15:00 horas. Saída para a Seimeira de Vilagocende.
15:15 horas. Chegada a a Seimeira de Vilagocende.
17:00 horas. Regreso a Fonsagrada.
17: 30 horas. Visita ao Museo Etnográfico.
20:00 horas. Fin de visita ao Museo Etnográfico.
21:00 horas. Cena Restaurante Cantábrico.
11:30 horas. Regreso ao Albergue.

Día 19 de febreiro.

09:00 horas. Saída para a Ruta do Forno do Bolo.
11:30 horas. Regreso da Ruta do Forno do Bolo.
12:30 horas. Visita á Feira do Butelo.
15:45 horas. Sesión de avaliación (atrio igrexa).
16:30 horas. Regreso a Lugo.

Obxectivos.

- Desenvolver as capacidades de organización e coñecer as dificultades de desenvolver iniciativas que implican o manexo de grupos e a organización de saídas en contornas naturais.
- Apreciar o valor educativo da convivencia, o diálogo entre os membros dun grupo, a comprensión ante as dificultades e limitacións dos demais, así como aprender a construír sinerxías arredor dunha meta común.
- Coñecer elementos con gran riqueza educativa tanto naturais como antrópicos dun territorio de media montaña.
- Examinar o valor educativo dos xacementos arqueolóxicos non musealizados.
- Examinar o valor educativo das ruínas mineiras e industriais en contextos rurais.
- Examinar o valor educativo da enxeñaría abandonada.
- Avaliar os recursos culturais dispoñibles nun concello rural e como se pode desenvolver accións cara á optimización de procesos educativos.
- Idear estratexias contra a despoboación desde a perspectiva de educadores que traballan o medio natural. Que ideas son posibles neste territorio?
- Facer unha prospección de conflitos que puideran producirse coa recuperación e posta en valor de espazos naturais e establecer protocolos para resolvelos.

A expedición a Picos de Europa tivo como base o camping de San Pelayo (preto de Potes) xa usado en anos anteriores, pero nesta ocasión non puido facerse en colaboración co grupos de estudantes e profesores da Universidade de Cumbria. Desenvolveuse con este programa:

Jueves 5 de mayo.	Visita educativa en ambientes kársticos costeros: Bufones de Prias y Entorno de Cubijero. Camping San Pelayo (Potes)
Viernes 6 de mayo.	Ruta educativa en garganta kárstica: Garganta de Cares. Llegada a Caín
Sábado 7 de mayo.	Ruta educativa en ambiente kárstico de media alta-montaña: Fuente Dé-Praderas de Aliva-Espinama.
Domingo 8 de mayo.	Entorno de Potes: Centro de interpretación. Rocódromo.

A docencia se segue desenvolvendo con grande actividade ao aire libre, conforme se estableceu nos informes de renovación do título.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Os estudantes non participan en programas de mobilidade por ser un Máster de 60 créditos cunha duración dun curso académico que impide a participación en programas de mobilidade. Porén o programa “Plantando cara ao lume” permite desprazamentos e estancias noutros países que neste curso non puideron realizarse por mor do COVID19.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Nas Guías das materias tampouco se observan duplicidade. Non se rexistran queixas por estes motivos. A estrutura modular e as reunións do profesorado evitan as duplicidades e favorecen a coordinación.

Curso 2021-2022. Titores e materias	
Módulo 1 Valores educativos da natureza e da paisaxe. Coordinadora: Dra. Dna. Beatriz Fernández Herrero	Créditos ECTS
Materia 1.1. A natureza como medio educador.	3
Materia 1.2. Ética e natureza.	3
Materia 1.3. Historia ambiental.	3
Módulo 2. Natureza e arte. Coordinadora: Dra. D. Vicente Blanco Mosquera	
Materia 2.1. Música e natureza.	3
Materia 2.2. As artes plásticas e a natureza.	3
Materia 2.3. Literatura e Natureza	3
Módulo 3. Os elementos do medio natural Coordinador: Dr. D. Manuel Antonio Rodríguez Guitián	
Materia 3.1. Ecosistema e biodiversidade.	3
Materia 3.2. Coñecemento xeográfico do medio natural.	3
Materia 3.3. Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	3
Módulo 4. Dirección de grupos e xestión de recursos Coordinador: Dr. D. Jacobo Feás Vázquez	
Materia 4.1 Dirección de grupos e resolución de conflitos.	3
Materia 4.2. Equipamentos e organización de actividades.	3
Materia 4.3. Lexislación e xestión económica.	3

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Módulo 5.	
Actividades educativas na natureza	
Coordinador: Dr. D. Joaquín Lago Ballesteros	
Materia 5.1. Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	3
Materia 5.2. Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	3
Materia 5.3. O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	3
5.4.1. Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional.	3
5.4.2.- Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares. (Optativas, a elixir unha delas).	
5.4.3. Aprendizaxe experiencial en contornas singulares	
Módulo 6.	
Prácticum e Traballo Fin de Máster	
Materia 6.1. Prácticum.	6
Coordinador Prácticum: Dra. Dna Lidia Platas Ferreiro	
Materia 6.2. Traballo Fin de Máster.	6
Coordinador TFM: D. Miguel Cons Ferreiro	

Todas as materias teñen unha duración de 3 créditos. Os módulos 1,2,3,4, teñen unha carga de 9 créditos, mentres que o módulo 5 acada 12 créditos. Nos módulos 1, 3, e 4 os estudantes elaboraron un traballo en equipo que desenvolve as competencias das materias que o compoñen. O traballo de módulo é deseñado polo seu profesorado, e acordouse que tivera un valor da cualificación do 60%, sendo o resto da cualificación da responsabilidade de cada materia. Nos módulos 2 e 5 se fan actividades tendentes á promoción de habilidades de traballo en equipo. No módulo 5 dúas materias levan conxuntamente a avaliación das actividades. A coordinación modular e o traballo interdisciplinar permiten unha mellor aprendizaxe e interrelación entre os coñecementos, habilidades e desenvolvemento de capacidades dos estudantes. Así, no primeiro módulo, o traballo, establece relacións entre aspectos históricos, éticos e pedagóxicos en relación cun espazo ou cun feito ou actividade que teña unha dimensión educativa no eido natural. Mentres no módulo 3, o traballo se centra nun espazo natural protexido. No módulo 4, a idea é que os estudantes sexan capaces de desenvolver un proxecto empresarial ou asociativo.

En relación co curso anterior, despois da dimisión por parte do profesor que coordinaba á materia, se fixo cargo da xestión, provisoriamente, o coordinador do Máster. Neste unha novo profesora asociada da área de Didáctica e Organización Escolar xunto cun profesor de Didáctica da Expresión Corporal asumiron a docencia e o seguimento dos estudantes. Non se produciu ningún incidente e as prácticas se desenvolveron con absoluta normalidade.

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas dispónse de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen mais de 50 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recibe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualízase cada ano). Emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias como destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Practicum, de forma que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

colaborador como as expectativas do alumnado e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Practicum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). O plan é unha parte do anexo ao convenio firmado coa entidade. Ademais os estudantes deben obter un certificado de non estar incurso en denuncias ou afectados por condenas relacionadas con delitos con menores para poder iniciar o seu período de prácticas.

Durante a estadia nos centros o/a supervisor/a dende a Facultade realiza o seguimento do plan de prácticas contactando cos centros e visitándoos se é preciso, e facilita tamén o documento de avaliación da estadia do estudante no centro. Ademais atende ao alumnado de xeito presencial ou a distancia naqueles asuntos que o requiran. Ao remate das prácticas o/a supervisor/a de prácticas recibe a memoria de prácticas que o alumnado debe entregar, centrada na consecución das competencias perseguidas. No curso 2020-2021 a distribución dos estudantes foi a seguinte

Estudiantes Máster DAEN 2021-2022. Distribución Prácticum	
Nome da entidade	Alumnadorecibido
Asociación RB área de Allariz	1
Asociación EspacioDrang	1
Associació Ses Milanes (Mallorca)	2
ADEGA	2
Avifauna	1
Breogán SL	1
CEIDA	1
Cogami	3
Concello de Baralla	1
Escola Waldorf Meniñeiros	1
Marcelle	2
Mawida outdoor	1
Nenea, medrar creando	1
O Veral (Conforma Forestal)	2
Semente (Compostela)	1
Semente (Lugo)	1
Total	22

Se remitiu á Vicerreitoría de Calidade a relación de todos os centros e o nome das persoas que exerceron a titoría onde se desenvolveron ás practicas externas curriculares, e o índice de satisfacción e moi alto, aínda que o número de formularios entregados foi baixo, un 18,75%, en relación o curso pasado que foi dun 60%. Porén a satisfacción global dos titores externos é moi alta, máis ca do curso pasado conforme o indicador proporcionado

Código	IN20M
Nome	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Aмосa información sobre a xestión das prácticas externas no título. (Límite de control: -)

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

	2020-21	2021-22
Total	4.17	5.00

Porén un ha análise máis pormenorizada dos datos indica que o resultado non é tan rotundo. Xa que se o curso pasado a cualificación global foi de 4,17 como resultado global. O dato real deste curso en que a enquisa foi so respondida por tres tiores profesionais (o 18,75%) e a táboa dos datos desagregados da unha puntuación media de 4,44.

Curso Académico 2021-2022

Número de convidados: 16

Número de enquisas cubertas: 3

Taxa de participación: 18,75%

Rango de valoración das preguntas: 1-5

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media	Valoración global
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada?	4	4.67	4.34
A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades da empresa/institución e do/da estudante?	4	4.67	4.36
Mantiven unha coordinación axeitada coa universidade e os responsables académicos do procedemento de prácticas?	5	5.00	4.23
As competencias profesionais previas do/da alumno/a axústanse ás necesidades da miña empresa/institución?	4	4.67	4.16
O alumno/a mantivo unha actitude proactiva e amosou interese polo desempeño da empresa?	4	4.67	4.68
Considera que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?	5	5.00	4.80
O desempeño xeral do/da estudante foi axeitado para a empresa/institución?	4	4.67	4.66
Indique o seu grao de satisfacción era coas tarefas desenvolvidas como titor/ra profesional das prácticas externas	5	5.00	4.57
Considera que a duración e programación das prácticas foi axeitada?	5	5.00	4.24

Pregunta	Resposta	Porcentaxe Respostas
Contrataría ao estudante?	Si	33.33%
	Non	66.67%
Volvería a ofertar esta praza de prácticas?	Si	100.00%

Conforme sinala a táboa o punto máis positivo, igual que o curso anterior, é o contacto do estudante coa vida laboral; e o máis feble, relativamente, a falta de axustes das competencias profesionais previas ás necesidades da empresa. A opinión sobre os estudantes por parte dos tiores enquisados foi moi positiva, tanto que nun 66,66% contratarían aos estudantes. Porcentaxe menor ao do curso anterior que fora do 83,33%.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Compre tamén sinalar que todos os estudantes teñen institucións suficientes para realizar as súas prácticas. Se as puntuacións en ocasións non chegan ao 100% se debe a algún estudante que abandona, xa comezado o curso ou ben, como sucedeu nesta ocasión, porque ademais dúas estudantes deixaron o prácticum para o curso seguinte, pero en xeral os estudantes fan o prácticum no curso académico en que fan o resto dos estudos. En todo caso, este é o curso no que menos estudantes fan o prácticum como corolario da súa aprendizaxe das competencias das diferentes materias do plano de estudos no mesmo no continuo da súa aprendizaxe.

Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións						
Curso	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	100.00	96.30	100.00	100.00	96.55	83.33

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de educación infantil e primaria. O título non está pechado a outras titulacións, porque existen persoas que teñen ampla experiencia e formación na educación ao aire libre con outras titulacións, interesadas neste ámbito de formación. Nótase como un elemento necesario de mellora, potenciar a presenza de titulados en Pedagogía ou Educación Social. No curso 2021-2022, dos 22 estudantes matriculados, 16 eran de titulacións vinculadas á educación, 15 mestres e unha titulada en Pedagogía. Houbo tamén unha titulada en Traballo Social, e dous graduados en Filoloxía, e un cos seguintes graos: Arte, Turismo e Recreación.

Ano	Titulación vinculada	Titulación non vinculada	Total
2015-2016	26	2 (7,14%)	28
2016-2017	25	2 (7,40%)	27
2017-2018	23	1 (4,16%)	24
2018-2019	12	3 (20,00%)	15
2019-2020	17	8 (32,00%)	25
2020-2021	25	-	25
2021-2022	16	6 (27,27%)	22

Na memoria de verificación non se excluíu ningún título porque a educación non formal e a natureza como espazo educador adoita ter interese para moitos estudantes que fan actividade de voluntariado ambiental ou posúen os títulos de monitor ou director de tempo libre e teñen experiencia non profesional na natureza como participantes en asociacións de mocidade, actividades de educación ambiental en organizacións non gobernamentais, voluntariado ou son responsables de equipamentos na natureza que posúen relación co

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Máster. Aínda que o caudal principal son titulados en educación, a falta de presenza doutros títulos é posible que teña o seu orixe na pandemia, que botaría para atrás moitas das intencións iniciais dos estudantes. Polas cohortes de anos anteriores nótase que a titulación resulta tamén atractiva para biólogos, economistas, filólogos, xeógrafos, graduados en Belas Artes, Actividade Física e Deporte ou Turismo.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2021-2022 houbo xa unha situación de certa normalidade no segundo semestre no que aínda que se seguiu conservando certos protocolos, puidéronse xa manter as actividades con pernocta que se refiren aos proxectos de Fonsagrada, Camiño Primitivo e Picos de Europa. Se quere facer fincapé en que a metodoloxía do Máster se desenvolve especialmente mediante procesos de aprendizaxe experiencial nunha actividade docente que se desenvolve con frecuencia ao aire libre. Esta idea, da aprendizaxe experiencial seguindo as ideas de Kolb (1981) é esencial nun Máster centrado nos beneficios educativos que produce a natureza e o aire libre. Mediante a aprendizaxe experiencial se reforza o uso dos sentidos, as habilidades do pensamento crítico e a toma de decisións, a persoa mantén unha boa forma física, interactúa socialmente, crea e explora o sentido de si mesmo, e funda unha ética grazas á comprensión do sentido do lugar, converténdose nun administrador competente da contorna (Kimmes, 2017).

Esta edición do Máster comezou o 17 de setembro de 2021, coa presentación e unha conferencia do profesor Dr. D. Jacobo Feás "A seguridade non ten que suceder por accidente". Algunhas das actividades máis salientables do curso foron:

Primeiro semestre.

- *21 de setembro*. Conferencia de David García Romero. "Sentido e metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo con colectivos de base no medio rural".
- *22 de setembro*. Os estudantes fixeron a súa primeira saída deste curso a Pobra do Caramiñal, Ribeira e o parque de San Roque, chegando ao Alto da Ra e Castro da Cidade, rematando o día visitando o dolmen de Axeitos.
- *28 de setembro*. Os estudantes, dentro dun proxecto de aprendizaxe interdisciplinar, realizaron unha actividade formativa no complexo das dunas de Corrubedo e despois de coñecer algunhas peculiaridades da arquitectura rural da comarca, terminaron vendo o solpor no Castro de Baroña.
- *11 de outubro*. Os estudantes visitaron a factoría abandonada da conserveira Massó en Cangas e fixeron despois unha ruta pola ría de Vigo: Nerga, Barra e Cabo Home, subindo pola Costa da Vela ata Donón e o alto do Facho.
- *15 de outubro*. Os estudantes visitaron a Lagoa artificial máis grande de Europa no Concello de As Pontes, o castelo de San Felipe en Ferrol, e se iniciaron en actividades de vela e remo, no Club Náutico de Ares.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

- 19 de outubro. Saída á Lagoa de Cospeito. Actividade de Ornitoloxía.
- 20 de outubro. Visita ao Cebreiro, co seguinte programa.

Faixa horaira	Tramo	Actividade
9:00-10:30 h	Lugo-Alto do Poio	Desprazamento en bus.
10:30-11:30 h	Alto do Poio-Padornelo	Presentación da contorna e visita á aldea de O Padornelo (arquitectura rural).
11:30-12:30 h	Padornelo-Lago Maior-Hospital	Usos tradicionais e cuberta vexetal. Xeomorfoloxía glaciár.
12:30-13:30 h	Hospital-Liñares	Flora e cuberta vexetal.
13:30-14:30 h	Liñares	Xantar.
14:30-15:30 h	Liñares-O Cebreiro	Flora e cuberta vexetal.
15:30-16:30 h	Visita Palloza-Museo e Igrexa do Cebreiro.	Arquitectura rural e relixiosa.
16:30-17:30 h	O Cebreiro-Santa-Comba	Desprazamento en bus.
17:30-18:30 h	Mazo de Santa Comba	Visita Complexo hidráulico Mazo de Santa Comba (arquitectura rural).
18:30-19:00 h	Santa Comba-Lugo	Desprazamento en bus.

- 26 de outubro. Ruta pola rasa cantábrica galaico-asturiana. Visita as minas e fornos de A Pontenova. Charla de Juan Carlos Pardo Álvarez.
- 29 outubro. Ruta do Camiño do Miño entre Ponte Vilar e Rábade, con parada e conferencia na Casa das Insuas. Visita ás Penas de Rodas e realización de xogos orixinais (creados polos estudantes) en relación aos cinco sentidos.
- 4 de novembro. Estudos dos lugares de colonización da Terra Cha: Matodoso e Arneiro. Charla do historiador Xosé Edrosa Leal. Se fixo unha reconstrución, representada teatralmente, da chegada dos colonos e a adxudicación das terras.
- 16 de novembro. Visita ao Museo do Pobo Galego e o Centro de Arte Contemporáneo de Galicia (Exposición de Hamish Fulton). Albergue Witericus en Guitiriz de regreso, aprendendo a debuxar a natureza con Mariana Roura. Actividades relacionadas coas artes plásticas e a natureza.
- 19 de novembro. Conferencia de Gonzalo José Castro Lodeiro, mestre do Colexio Cervantes de Lugo, falou sobre A Carta da Terra, "A Carta da Terra é un documento condezae principios que transforman a conciencia en acción. Busca inspirar entódalas persoas un novo sentido de interdependencia global e unha responsabilidade compartida polo benestar de toda a familia humana, a comunidade de vida e as xeracións futuras. É unha visión de esperanza e un chamado á acción." (<https://cartadelatierra.org/lea-la-carta-de-la-tierra/>)
- 20 de novembro. Saída ao Pedregal de Irimia e Mondoñedo. Actividades relacionadas coa música no medio natural.
- 29 de novembro. Saída a San Pedro de Romeán. O espazo foi elixido polos estudantes como un lugar próximo á cidade e Lugo con grandes posibilidades de ser traballado de xeito educativo. "O roteiro realizado por San Pedro de Romeán –dirían no traballo que recolle a experiencia- levounos a desenvolver o sentido do abraio tan cultivado por Rachel Carson. Foron moi importantes para o grupo as dinámicas de confianza cega, de escoitarnos e darnos o noso espazo; de situarnos nos 4 puntos cardinais; de pasear baixo a choiva escoitando o son do bosque, ulindo, observando a través da lupa e tocando os segredos agochados nun m²; o xogo simbólico fixo medrar a nosa creatividade e ata lle fixemos unha pequena homenaxe a Darío Xohán Cabana lendo tres dos seus poemas e realizando en grupo un de tantos encrucillados feitos por él diariamente para La Voz de Galicia". Unha parte da actividade se fixo no Albergue Rectoral de Romeán.
- 3 de decembro. Plantación de dous acivros no parque do río Rato. Paseo ata a aldea de Bosende para estudar ás contornas rurais de proximidade ás cidades e visita ao Centro de Interpretación da Reserva

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

da Biosfera Terras do Miño.

- 16 de decembro. Se inaugura no *hall* da Facultade de Formación do Profesorado a exposición "Arte e Activismo" preparada como consecuencia da actividade da materia Artes Plásticas e Natureza.

No resto de actividades o plan desenvolveuse conforme a programación prevista. Entre outras colaboracións, houbo tamén un ciclo de tres conferencias itinerantes.

1.- *A industria da minería de ferro na Pontenova*. Día 26 de outubro de 2021

Primeira conferencia do ciclo "Educación e Natureza", realizada no Concello de A Pontenova. A actividade está enmarcada, na visita a galería mineira que está sendo preparada para ser visitada no concello, así como os fornos que se conservan na vila. Se trata dunha actividade que forma aos futuros educadores nun ámbito que ten relación coas súas competencias no ámbito da xeografía e da xeoloxía. A actividade se completou cunha visita a rasa cantábrica na que os estudantes coñeceron a natureza das rocas formadas por láminas de esquistos e pizarras e o relevo kárstico. A conferencia e guía aos fornos e minas de ferro foi impartida polo técnico de turismo do Concello D. Juan Carlos Pardo Álvarez.

2.- *As asociacións de custodia do territorio*. o 29 de outubro de 2021.

Segunda das tres conferencias do ciclo "Educación e Natureza", realizada na Casa das Insuas de Rábade, onde ten a súa sede a Asociación Galega de Custodia do Territorio. As asociacións de custodia do territorio cumpren unha valiosa función na conservación de contornas naturais, fauna e flora en perigo e patrimonio cultural rural. Se trata de coñecer como traballan e neste caso visitar algúns dos lugares dos que teñen encomendada a custodia. Se fixo por esta razón unha ruta polas insuas de Cela para finalmente acercarse ata Penas de Rodas onde se fixo unha aproximación á importancia da preservación do patrimonio natural.

A conferencia foi impartida por D. Oscar Rivas, secretario da mencionada asociación

3.- *Debuxar na Natureza*. 15 de novembro de 2021.

A terceira conferencia estivo destinada a saber como se pode pintar e debuxar a natureza e desenvolver habilidades para entender a experiencia da camiñada, polo que previamente se visitou no CGAC a exposición do artista e fotógrafo británico . Hamish Fulton para descubrir a súa experiencia a través das camiñadas artísticas, deixando de manifesto a relación entre o camiñar e as preocupacións ecolóxicas contemporáneas: entre o camiñar e as marchas protesta; entre o camiñar e as cuestións de saúde; entre o camiñar e a saúde mental: o chamado "camiñar consciente".

Con este antecedente se visitou a continuación en Guitiriz á ilustradora Mariana Roura Sánchez, autora das ilustracións no proxecto de conservación dos endemismos da flora serpentínica da Serra do Careón: "herba de namorar de Merino" (*Armeria merinoi*), a "santolina de Melide" (*Santolina melidensis*) e a "magarza de Barazón" (*Leucanthemum gallaecicum*), e coa que fixeron unha ruta á beira do río Parga, afluente do Ladra e visitaron polos arredores da Capela de San Alberte e o Albergue Witericus, ademais de diversas prácticas de dibuxo da natureza.

No segundo semestre houbo tamén unha importante actividade arredor de aprendizaxes experienciais en contornas naturais.

- 5 de febreiro. Saída para coñecer o albergue Alvarella, situado no Concello de Betanzos, centro de aprendizaxe e de iniciación á cultura medioambiental, incorpora solucións construtivas bioclimáticas e ecolóxicas, con aproveitamento da enerxía solar. O único establecemento galego ao que lle concederon a etiqueta ecolabel. (<https://www.alvarella.com/>). Con explicacións de Juanjo Blanco Ramos. Visita a Betanzos con entrada ao Parque do Pasatempo, explicado por Ángel Arcay Barral. Ruta polo río

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Mandeo e visita ao Centro de Interpretación de Chelo (Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo). Neste Centro os estudantes puideron coñecer un espazo cunha interesante exposición sensorial sobre os valores bióticos e de conservación da zona, adaptada á diversidade funcional, coas explicacións de Cristina Basreino.

- *8 de febreiro*. Ruta das Chousas con visita a Aula do Veral. Visita ao santuario tardorromano de Santa Eulalia de Bóveda, e visita ao castelo de San Paio de Narla en Friol.
- *9 de febreiro*. Ruta polo entorno dos ríos Miño e Mera. Charla de membros da Asociación SUPorando sobre os problemas de inclusión nas actividades educativas na natureza.
- *11 de febreiro*. Visita ao Parque Eólico Experimental de Sotavento (<https://www.sotaventogalicia.com/>).
- *17-19 de febreiro*. Visita á comarca da Fonsagrada. Se fai conforme o programa xa exposto no punto 1.2 deste autoinforme. O primeiro día se camiña polo sendeiro do Castañoso de xeito circular con saída e chegada á aldea de Vilachá, e centrado no seu peculiar castro, coñecido popularmente como “O Castelón” que ten unha sauna. O segundo día se fixo pola mañá o percorrido entre a aldea de A Fornaza e a ponte de Vilabol, para coñecer exemplos de aldeas e enxeñaría abandonadas, así como a industria do ferro, desde a romanización ao século XX, cunha parada para explicar o significado da Ferrería da Cuiña. Pola tarde se visitou o Museo Etnográfico da Fonsagrada. O terceiro día saíuse á aldea de Queixouro para facer a ruta do Forno do Bolo, que amosa unha actividade humana abandonada en relación cos castiñeiros entre soutos onde podían observarse varias *corripas*, pero nun contexto dunha grande biodiversidade e beleza natural.
- *4-8 de marzo*. Camiño Primitivo dende o Alto do Acebo, no límite entre Asturias e Galicia e Melide. Primeira etapa. Alto do Acebo a Fonsagrada. Segunda Etapa: Fonsagrada- O Cádavo: Terceira etapa. O Cádavo-Lugo. Cuarta etapa: Lugo a San Román da Retorta. Quinta etapa: San Román da Retorta a Melide. Se fai un conxunto de actividades asociadas a xogos motrices.
- *15 de marzo*. Coñecemento da Ribeira Sacra. Visita a explotación gandeira ao aire libre Casa da Fonte en Pantón, con explicacións de Xosé García Freire. Ruta dos Viñedos de Belesar. Visita á bodega Vía Romana con explicacións sobre a historia e cultura vitivinícola da comarca.
- *5 a 8 de maio*. Expedición a Picos de Europa (con estancia no camping de San Pelayo, Potes). Conxunto de aprendizaxes de carácter experiencial nunha contorna protexida pero de amplo uso humano, agrícola, gandeiro y turístico. Entre outras actividades se percorreu a Senda do Cares, e se ascendeu polo teleférico de Fuente Dé aos Altos de Áliva facendo unha ruta circular ata regresar a Fuente Dé.

Trátase con este conxunto de actividades que levan a que o 50% da docencia se faga no exterior das aulas e con frecuencias en espazos naturais e contornas rurais, a que os aprendizaxes se desenvolvan en espazos concretos e reais da natureza, en contornas nas que se podan desenvolver experiencias ao aire libre, creando coñecemento, destrezas e aptitudes que melloren á persoa

Certamente as actividades se viron condicionadas pola normativa establecida pola USC en relación co COVID19, especialmente no primeiro semestre. Porén houbo por parte da organización do Máster e pola responsabilidade do profesorado unha acción que permitiu desenvolver a docencia con efectividade e acadar as competencias con alternativas razoables. A avaliación feita polos estudantes amosa un alto grao do valor que deron ao desenvolvemento da súa formación.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é visible na páxina web que mantén a USC para títulos de posgra:



Facultade de Formación do Profesorado
Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Curso 2021-2022



<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza>

Tamén se atopa información na páxina web da propia Facultade de Formación do Profesorado

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-formacion-profesorado>

Existe tamén unha páxina en Facebook con información que é administrada polos estudantes:

<https://www.facebook.com/master.daen/>

Esta páxina web da información con moita frecuencia, especialmente no curso e asemade nos meses de xuño e xullo fai publicidade do Máster e dos prazos de preinscrición. No curso 2021-2022 non houbo ningunha campaña especial de publicidade agás a presenza continua dun video no propio hall da Facultade de Formación do Profesorado. A publicidade se reduciu a enviar carteis a outros centros de Galicia e os anuncios que apareceron na páxina de Facebook, dos que neste informe se fai unha escolma. Se utilizaron imaxes fixas, vídeos curtos, e montaxes en ppt, pero sen necesidade de usar páxinas de pago. Durante o curso tanto o Xornal da USC como a prensa

Duración: 1 ano
Orientación: Académico Profesional
Número de prazos: 25
Lugar: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo, Campus Terra)



Características dos estudantes aos que vai dirixido o curso: É un máster oficial especialmente deseñado para graduados ou diplomados nos distintos títulos de educación (Mestre, Educación Social, Pedagogía, Psicopedagogía), e tamén moi adecuado para licenciados/graduados en Bioloxía, Xeoloxía, Xeografía ou Ciencias da Actividade Física e Deporte, así como para outros títulos relacionados cos contornos naturais como as titulacións agrofrestais. A pesar de que ningún título está excluído, para iniciar estes estudos, como perfil de ingreso, é recomendable ter algunha experiencia en asociacionismo xuvenil, campismo, coñecemento da natureza, deportes de montaña, excursionismo, capacidade narrativa e de descrición de paisaxes, noções de seguridade en actividades ao aire libre, habilidades para o traballo cooperativo, optimismo, boa forma física e coñecemento de idiomas. Como tal máster oficial o título é válido en todos os países da Unión Europea.



Criterios de selección XERAIS e ESPECÍFICOS	Calendario de matrícula máster	
	Solicitud de praza	7 xuño – 20 xuño
	Publicación atxudicación prazas	29 xuño
	1ª convocatoria matrícula admitidos	30 xuño – 2 agosto
	2ª conv. Matrícula con lista de agarda	4 – 5 agosto
	3ª conv. Matrícula con lista de agarda	7 – 9 agosto
	Matrícula en vacantes 1 (Máster sen listaxe de agarda)	18 agosto – 17 setembro
	Matrícula en vacantes (Máster con listaxe de agarda)	Chamamento individual
	Ampliación prazo matrícula vacantes 1,2 (con ou sen listaxe de agarda)	21 setembro – 1 outubro

Características do curso: Réúne as temáticas de educación ao aire libre, educación ambiental, literatura e arte en relación coa natureza, deseño e organización de itinerarios e excursións, arquitectura rural e paisaxe, deporte no aire libre..., exercitando aos estudantes no desenvolvemento de capacidades para a xestión, organización e dirección de grupos e institucións en relación co medio natural.

Prazo de matrícula. O prazo de matrícula fíxao a Xunta de Galicia: é o correspondente a calquera máster oficial. A matrícula pode pagarse en dous prazos. Resérvanse tres prazos para estudantes estranxeiros. Despois da publicación dos admitidos, abrírase un prazo ata o 30 de setembro, para que os solicitantes que non obtiveron praza se poidan matricular se houbo vacantes.
Ver en <http://www.usc.es/masteres/es/masteres>
Para saber máis. Oficina de Información Universitaria: Santiago: tº 881811000, Lugo: tº 982820000, oiu@usc.es
Facultade de Formación do Profesorado tº 982821005



Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

galega publicaron algunhas novas sobre as actividades do Máster. Con estes medios garátese unha difusión ampla do título. As actividades son documentadas fotograficamente e serven para confeccionar informacións que se transmiten por redes sociais. Con estes medios garátese unha difusión ampla do título. O acto de inauguración e as conferencias foron anunciadas con carteis distribuídos pola Facultade e en redes sociais. A información parece suficiente para os estudantes que queren cursar a titulación e os grupos de interese.

Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Presentación: 17 de setembro de 2021

16:30 Acollida e inauguración
17:30 Conferencia: "A seguridade non ten porque suceder por accidente", Jacobo Feas
18.30 Reunión de coordinación
Lugar: Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado
Comezo de clases: 20 de setembro de 2021 ás 16:30 horas

Constanter in itinere
 lugiter inveniendō
 Semper naturam tuendo



Facebook post interface showing a post from 'Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN'.

Publicado por Eugenio Otero Urtaza · 9 de junio de 2021 ·

Está abierta la preinscripción en el máster hasta el 20 de julio próximo. Si piensas que la naturaleza es un espacio central para la educación de las personas, este es tu máster.

Calendario de matrícula máster		
Solicitud de plaza		7 junio – 20 julio
Publicación adjudicación de plazas		29 julio
1ª convocatoria matrícula admitidos		30 julio – 2 agosto
2ª conv. Matrícula con lista de espera		4 – 5 agosto
3ª conv. Matrícula con lista de espera		7 – 9 agosto
Matrícula en vacantes ¹ (Máster sin lista de espera)		18 agosto – 17 septiembre
Matrícula en vacantes (Máster con lista de espera)		Llamamiento individual
Ampliación plazo matrícula vacantes ^{1,2} (con o sin lista de espera)		21 setembro – 1 octubre

¹ Los plazos de matrícula y de matrícula en vacantes comienzan a las 10 horas del día de inicio.
² En aquellos Másteres en los que existan vacantes, a petición del coordinador del Máster, se podrá ampliar el plazo de matrícula hasta el día 6 de octubre.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

The image displays two screenshots of a Facebook page for the 'Máster en Dirección de Actividades Educativas en la naturaleza - DAEN'. The top screenshot shows a post from July 13, 2021, by Eugenio Otero Urtaza, announcing the final week for pre-registration for the master's program at the Campus de Lugo, ending on Tuesday, July 20. The post features a video thumbnail with the text 'Máster en Dirección de Actividades Educativas en la Naturaleza' and shows people in a natural setting. It has 387 reach and 17 interactions. The bottom screenshot shows a post from February 21, 2022, by Paula Buján López, announcing an update to the cover photo. The thumbnail shows a group of people posing in front of a stone building in a rural landscape. Both screenshots include the Facebook interface with the 'Administrar páginas y perfiles' sidebar and the Meta Business Suite tools.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza



Algunhas fotografías das actividades realizadas



Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza



Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza



Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado garda información desde 2010. O PlanEstratéxico está vixente ata 2022, mentres que é necesario actualizar a Programación Plurianual, que terá unha extraordinaria importancia porque vai ser un período no que a Facultade de Formación do Profesorado vai cambiar de edificio, integrándose no espazo no que están os demais centros universitarios lucenses. A páxina web da Facultade que imparte o título, conta con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos). A información se atopa en [Facultade de Formación do Profesorado - Facultade de Formación do Profesorado – USC](#)

Se lle informa a Comisión Consultiva de Seguimento Externo do Máster sobre o desenvolvemento e actividades e se lle consulta sobre decisións que atinxen a pertinencia da formación e os cambios que puideran introducirse. A Comisión do Máster decidiu despois do Informe de renovación da acreditación de 30 de xuño de 2016, que a metodoloxía dominante no título debería basearse no sistema de clases reversas (flippedclassroom). É unha forma de traballo que está xa bastante implantada no Máster e foi confirmada na súa bondade pedagóxica en data do 10 de febreiro de 2021 polo novo informe de renovación da acreditación, pero aínda así necesita dunha formación adicional por parte do profesorado para ser plenamente asumida. Os informes que proporcionan sobre os estudantes os titores profesionais externos é unha fonte que permite coñecer o grao de adquisición de competencias na práctica e nos procesos de aprendizaxe experiencial. Aínda que sería necesario, agás dos informes que os titores profesionais emiten sobre os estudantes, contar cunha información sobre as bondades e eivas que encontran no desenvolvemento do Prácticum.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada polo Coordinador do Título e polo Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e,

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do Máster. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18, e de aplicación no actual curso.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos 20 de 36 títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Os distintos indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2021-22 acadou unha puntuaxe global de 3,90 que indica unha pequena curva descendente na valoración en referencia ao curso anterior, sendo tamén a participación algo menor, como amosa a táboa.

Curso Académico	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
Valoración global	4,18	4,33	4,12	3,90
Participación	58,82%	20%	26,92%	20%

Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida indica unha valoración global de 4,48, cun nivel de participación do 47,62%, lixeiramente superior ao curso anterior.

Curso Académico	2019-2020	2020-2021	2021-2022
Valoración global	4,29	4,36	4,48
Participación	42,86%	47,62%	43,48%

Estas puntuacións indican una lixeira e progresiva disparidades á que o profesorado do Máster debe prestarlle atención, pois se por unha parte o profesorado manifesta un aumento da súa satisfacción, os estudantes non o parecen na mesma intensidade.

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado deste título, no curso 2020-2021, cumpre manifestar que non houbo ningunha reclamación.

A Comisión de Seguimento externo permite ao Máster acadar información de como é percibida a titulación polo mundo profesional e darlle claves e indicacións que permiten optimizar procesos e contidos. Está composta por catro profesionais, dous egresados, un representante do profesorado e o coordinador do Máster. A Comisión é informada da remisión deste Informe de Seguimento.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición a partir do curso 2015-16 (BOE do 19/12/2016 e DOG do 09/01/2017). Noutros casos, trátase de modificacións de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial; así se procedeu para a incorporación da materia optativa “P3281205 Aprendizaxe experiencial en contornas singulares”, que, entre outras accións, facilita a internacionalización da titulación.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

As propostas de mellora foron completamente executadas, e nalgún caso pospostas por entenderse que non eran viables no momento actual como foi pensar en crear un grupo de innovación. Porén as restantes se desenvolveron correctamente e con aplicación eficaz. Das melloras sinaladas no informe para a continuidade da acreditación, é necesario abordar aínda a relación que necesita establecer o Máster co servizo de orientación laboral da USC, que aínda está pendente.

Cabe sinalar que aínda que o Máster non creou por si mesmo un grupo de innovación, participa no programa “Plantando cara ao lume” que se presenta ás convocatorias de proxectos de innovación da USC. (Hoxe desenvolvido como un proxecto que se amplía máis alá da comunidade autónoma de Galicia, “Plantando cara al fuego”: <https://www.plantandocaraalfuego.org/>). Destacar tamén que no curso 2020-2021 arrancou este programa como un proxecto europeo, denominado *FacingFire*: <https://facingfire.eu/>

Sobre estes programas as referencias na web son abundantes, porén o máis interesante é que actualmente é un proxecto da Fecyt de carácter interuniversitario no que participan tamén estudantes de ensino primario, educación secundaria e bacharelato, entidades empresariais, organizacións non gobernamentais, administracións públicas e aberto a sociedade, coordinado pola USC, no que mediante un proceso de Aprendizaxe-Servizo se procura que os estudantes de diferentes niveis educativos adquiran coñecementos, capacidades e destrezas para entender o problema e tratalo dende unha perspectiva educativa e non simplemente científica ou técnica.

As actuacións que dentro deste programa participou o Máster no curso 2021-2022 se desenvolveron no Concello de Taboada, pero neste curso, ao contrario do anterior, a participación dos estudantes foi escasa.

Tamén é salientable que o Máster se presentou nesta ocasión a convocatoria de excelencia da Xunta, e que aínda que non obtivo un resultado positivo, descubriu a necesidade de crear un sistema eficiente de tutorización dos estudantes para poder acadar dita distinción que garante tanto unha nova acreditación do Máster como un incremento do seu financiamento.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os sucesivos Informes de Avaliación e seguimento, realizados neste título, incluíron Plans Anuais de Mellora (PAM), que engloban as distintas Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc. A Comisión de título debate e aproba autoinforme anual e propón as AM.

Os IAS son tamén analizados, debatidos e aprobados pola Comisión de Calidade do Centro e tamén son informados pola Xunta de Facultade, proba fiable da participación dos distintos grupos de interese. No Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do 20 de novembro de 2020, se fan unhas recomendacións de mellora que na reunión da Comisión de Título do 14 de decembro de 2020, foron examinadas. Da execución destas acción de mellora se deu conta no informe do curso pasado e algunhas quedan aínda pendentes:

Dimensión 2: Recursos/Criterio 4: recursos humanos.

6.- Sería necesario reforzar o servizo de conserxería para mellorar a atención a estudantes e profesorado. A Comisión de acreditación entende que a Facultade de Formación do Profesorado debe ter un segundo conserxe en quenda de tarde.

Esta cuestión desborda as competencias da Comisión de título, aínda que de dita cuestión está informado o decanato, a Xerencia da USC e a Vicerreitoría do Campus de Lugo.

Dimensión 2: Recursos /Criterio5: Recursos materiais e servizos.

7.- Os ensinamentos do Máster fortaleceríanse coa implantación de dispositivos de orientación académica e profesional.

Está pendente esta acción: o Máster non ten comunicación co servizo de orientación académica e profesional.

Dimensión3: Resultados/Criterio7: Indicadores de satisfacción e rendemento.

8.- Considérase necesario facer unha maior publicidade do Máster para incrementar a demanda e contribuír a súa estabilidade.

Coa actual publicidade se están cubrindo todas as prazas, porén pode pensarse en accións para captar máis estudantes nacionais de fora da comunidade autónoma galega.

9.- É necesario acometer un estudo do título máis amplo, necesario para a súa inclusión como ferramenta de mellora e revisión do título e para coñecer se os egresados están a traballar no perfil específico deste título. Se solicitou á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos dita cuestión.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

10.- Recoméndase que se manteña un foro continuo de colaboración con empregadores e egresados para recibir información externa para a mellora do Máster, foro que podería articularse a través da Comisión Consultiva Externa do Máster, que parece estar en funcionamento aínda que non se achegaron actas desta Comisión. Neste curso académico se organizou un Foro de Debate con diversos profesionais de educación e cultura

A Comisión estima necesario establecer un vínculo máis forte e estable co conxunto dos egresados do título e considera a posibilidade de celebrar unhas xornadas en relación coa actualización da súa formación.

Sobre outros aspectos de obrigado cumprimento.

1.- Aportar datos estatísticos sobre o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Se lle enviou a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos un listado cos nomes das empresas e titores/as que foron responsables dos estudantes. Este ano, ao igual que o curso pasado, se está aplicando este protocolo que non se aplicaba desde o curso 2016-2017.

2.- Débese revisar o axuste entre as guías docentes dalgunhas materias e os contidos e competencias declarados na memoria de verificación. Valorar a posibilidade de actualizar a memoria do título cando se teña que realizar unha modificación substancial.

Se fixo unha enquisa ao profesorado para que confirmase que se obren todos os requisitos das guías docentes. Non se observaron desviacións en relación coa memoria do título, pero si existe unha importante actualización bibliográfica e metodolóxica, que debe salientarse. Se comproba que as guías son actualizadas curso a curso.

A implantación do SGC posibilita o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder ao seu actualización e avance. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

Neste sentido, fai falta deixar constancia de que no ano 2018, aprobouse unha modificación do SGC no marco da USC, coa finalidade de conseguir unha simplificación que redunde nunha maior operatividade. O novo SGC contempla un manual do sistema para o centro, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de xeito semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo Manual de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos 6 procesos de soporte.

O centro adaptou o SGC marco da USC ás características específicas do centro en setembro do 2018. Toda a documentación que conforma o SGC da Facultade de Formación do Profesorado atópase na páxina web do centro na sección de calidade.

Finalmente cabe salientar que no curso 2021-2022 os estudantes fixeron pola súa conta unha avaliación do primeiro semestre do Máster, elaboraron una enquisa mediante a técnica de dianas invertidas que se desenvolveu no Albergue de Romeán o 29 de novembro de 2021. O resultado de dita enquisa se atopa na

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

acta da Comisión de título do 9 de febreiro de 2022, na que se sinala entre outras cousas:

“O coordinador comeza falando de que os estudantes do Máster están moi satisfeitos co desenvolvemento da súa formación, e que enviaron os resultados da avaliación do Máster que fixeron o pasado 29 de novembro pola súa iniciativa. Aínda que as puntuacións son todas bastante altas, convén sinalar algúns puntos, tanto porque son salientables como porque tal vez poidan ser obxecto dunha proposta de mellora. Por unha parte, en relación co TFM consideran moi positivo que as temáticas podan ser tan variadas pero se queixan do escaso tempo que teñen para decidirse pola elección dun tema. Tamén destaca na enquisa que consideran ao profesorado moi preparado, pero que lamentan o seu escaso coñecemento do grupo de estudantes. En outros aspectos o coordinador sinala que será necesario preguntar aos estudantes, e quizais facer con eles unha reunión para aclarar ben as indicacións que queren darnos. Por exemplo, falan de baixas expectativas e profundidade no temario aínda que puntúan ben a variedade. Tamén que fan referencia ao horario de clase con escasa puntuación na categoría de tempo, mentres danlle alta puntuación ao aproveitamento do tempo en ruta. O alumnado asemade pide máis participación e que as rutas teñan máis aprendizaxe experiencial.

“Destaca moito que engadiran ao final un conxunto de proposta de mellora que cando menos esta Comisión debe analizar, e resolver se así fose posible. Realmente o coordinador considera que habitualmente o Máster fai unha actividade máis dinámica pero que a organización da aula que impuxo o COVID19, non puido desenvolverse nestes dous últimos anos. En canto ao resto das propostas parece que solicitan unha maior implicación do profesorado, e que interactúe na clase, ou en referencia a metodoloxía, as expectativas, e incluso aos referentes que implican a darlle unha maior “profundidade” aos temarios”.

“Asemade se refire ao texto que presentaron os estudantes que se axunta a acta, tanto no que se refire a entrega do Traballo Fin de Máster para a convocatoria de setembro, como a duración do practicum, que necesita ser debatido. Os estudantes rexeitan que a entrega do TFM para a oportunidade de setembro se faga a finais do mes de xullo e queren que se traslade a principios de setembro. Lembra que a entrega do TFM a finais de xullo para presentarse a oportunidade de setembro fíxose tanto porque o mes de agosto non é lectivo, como porque o tempo era moi curto para facer reformas os primeiros días de setembro. O representante dos estudantes quere facer constar neste escrito que aínda que o calendario de TFM fose aprobado, non conta coa súa conformidade”.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa do título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada e pertence na súa totalidade a USC.

PROFESORADO DE CADA MATERIA					
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
P3281101	A natureza como medio educador	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
P3281102	Ética e natureza	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	0
P3281103	Historia ambiental	Investigador/a Distinguido/a	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	3
P3281104	Música e natureza	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281105	As artes plásticas e a natureza	Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T31	2	0	0
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	3	1
P3281106	Ecosistema e biodiversidade	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	6	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	11	7
P3281107	Coñecemento xeográfico do medio natural	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	12	7
P3281108	Natureza, paisaxe e arquitectura rural	Profesor/a: Titular de Universidade	3	13	9
P3281109	Dirección de grupos e resolución de conflitos	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	1	0	0
P3281110	Equipamentos e organización de actividades	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	1
P3281111	Lexislación e xestión económica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	3	0
P3281112	Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281113	Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	0
P3281114	O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	0
P3281117	Literatura e Natureza	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281203	Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281204	Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares	Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T31	5	0	0
P3281205	Aprendizaxe experiencial en contornos singulares	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	12	8
		Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
Total general			23	101	50

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

En total, e conforme a información dispoñible para o curso 2021-2022, o profesorado con vinculación permanente acumula 30 sexenios de investigación entre catedráticos, profesores titulares e contratados doutores, dous máis que o curso anterior. Houbo un pequeno aumento de sexenios (7,14%), que se fai notar levemente na estatística histórica:

Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
	31,82	44,44	69,23	71,43	78,57	84,62	84,62	84,62	85,71

Asemade a suma de quinquenios de docencia (70 quinquenios), é superior a do curso pasado (70 fronte 65 quinquenios). O traslado de varios profesores ao Campus de Santiago fixo que parte desa docencia fose ocupada por profesorado asociado, ou mais novo. A relación entre profesor e estudante foi óptima: 1,04 estudante por profesor, a relación máis baixa de toda a serie histórica. Certamente non todo o profesorado pode participar coa mesma intensidade. O 34,79% participa desde unha posición precaria como contratados interinos ou asociados. Resulta unha porcentaxe demasiado alta para un título universitario.

E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2021/2022

TIPOLOXÍADO PROFESORADO DO TÍTULO					
Título: Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza			Centro: Facultade de Formación do Profesorado		RUCT: 4312425
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe Horas
Investigador/a Distinguido/a	1	4,35%		7,0	1,85%
Profesor/a Asociado/a de Universidade LOU	4	17,39%		94,0	24,87%
Profesor/a Catedrático/a de Universidade	3	13,04%		77,0	20,37%
Profesor/a Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	2	8,7%		30,0	7,94%
Profesor/a Profesor Axudante Doutor LOU	1	4,35%		5,0	1,32%
Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	5	21,74%		88,0	23,28%
Profesor/a Profesor Interino/a substitución	1	4,35%		7,0	1,85%
Profesor/a Titular de Universidade	6	26,09%		70,0	18,52%
Total general	23	100,0%		378,0	100,0%

É importante describir o que contén esta táboa. 20 dos 23 profesores son doutores, e 15 dos 23 é profesorado permanente (Catedráticos de Universidade, Titulares de universidade, Contratados doutores e Axudantes doutores). En conxunto, 9 dos profesores son funcionarios. O número de profesores asociados subiu de 3 a 5 por mor do traslado de dúas profesoras que acadaron unha praza de contratada doutora no Campus de Compostela. Por mor da promoción do profesorado, o título volve a ter seis profesores contratados doutores e un profesor titular máis. Porén o indicador [IN25M](#) que analiza a porcentaxe do PDI doutor sobre o PDI total é algo inferior ao esixido pola Memoria do título:

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	73.91	77.27	69.57	76.19	72.73	78.26

En realidade a proporción de doutores é así algo superior á que indican estas táboas e subiría a un 86,95% (o curso anterior foi de o 85,7) xa que un dos profesores asociados defendeu a súa tese. Tamén se debe comentar que aumentou o número de funcionarios que pasou de 8 a 9 (Titulares e Catedráticos de Universidade) o que implica un 39,13%

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	34.78	31.82	30.43	33.33	36.36	39.13

Tanto a coordinación do prácticum como do TFM está encomendada a profesorado asociado. No caso do

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

prácticum cunha persoa que so imparte esa docencia no Máster o que non parece o máis doado para os estudantes. A coordinación do TFM está encargada a un profesor asociado que so imparte docencia no Máster.

	Comparación de indicadores do curso 2021-2022 coa media da USC en 2020-2021	Media USC	Valor estimado	Valor real
IN25M	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	90,13	78,26	86,13
IN26M	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	60,42	39,13	39,13

En conxunto, os profesores/as en situación de contratos precarios son tamén 8 (38%). catro asociados, dous contratados interinos, un interino de substitución e un investigador distinguido. A proporción entre sexos segue a ser moi baixa 4 entre 23 (17,39%). É un Máster que está moi masculinizado, sen embargo as mulleres está moi integradas na educación ao aire libre e na natureza, e na educación infantil moito máis que os homes. Sen contar a docencia propia do prácticum e do TFM, e os seus elementos de coordinación e titoría, o resto da docencia (48 créditos) ten a seguinte distribución, que é algo máis favorable ao profesorado doutor que a do curso pasado:

	Doutores	Non doutores	Σ
Docencia obrigatoria	43 créditos 89,6%	2 créditos 10,4%	45
Docencia optativa (se cursan 3 créditos)	2,5 créditos 27,77%	6,5 créditos 72,23%	3
Docencia recibida polos estudantes	43+,0,83 43,66 créditos 91,31%	2+2,14 4,34 créditos 8,69%	48

A docencia impartida polo profesorado doutor aumentou lixeiramente, debido fundamentalmente a que un dos profesores asociados leu a súa tese de doutoramento.

PROFESORADO DE CADA MATERIA					
Título: Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza			Centro: Facultade de Formación do Profesorado		RUCT: 4312425
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
P3281101	A natureza como medio educador	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
P3281102	Ética e natureza	Profesor/a: Titular de Universidade	1	6	0
P3281103	Historia ambiental	Investigador/a Distinguido/a	1	0	0
		Profesor/a: Titular de Universidade	1	4	3
P3281104	Música e natureza	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281105	As artes plásticas e a natureza	Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T31	1	2	0
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	3	1
P3281106	Ecosistema e biodiversidade	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	6	2
		Profesor/a: Titular de Universidade	2	11	7
P3281107	Coñecemento xeográfico do medio natural	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	12	7
P3281108	Natureza, paisaxe e arquitectura rural	Profesor/a: Titular de Universidade	3	13	9
P3281109	Dirección de grupos e resolución de conflitos	Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	1	0	0
P3281110	Equipamentos e organización de actividades	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6	4
		Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	1
P3281111	Lexislación e xestión económica	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	3	0
P3281112	Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281113	Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	0
P3281114	O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos	Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	1	2	0
P3281117	Literatura e Natureza	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281203	Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
P3281204	Recursos para actividades de Ciencias da Vida e a Terra con escolares	Profesor/a: Contratado/a Interino/a por Vacante - T31	5	0	0
P3281205	Aprendizaxe experiencial en contornas singulares	Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	0	0
		Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	12	8
		Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	1	0	0
Total general			23	101	50

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Tamén se quere destacar que os créditos optativos impartidos por profesorado doutor, corresponden a catedráticos de universidade e un axudante doutor. En total os profesores non doutores impartiron un total de 59,5 horas optativas e 14 de docencia obrigatoria. O profesorado asociado, interino ou substituto, independentemente de se tiñan o grao ou non de doutor, impartiron 101,5 horas de docencia obrigatoria e optativa, aos que se debe sumar ás 20 horas do prácticum que asumiron dous asociados das áreas de Didáctica y Organización Escolar e Didáctica da Expresión Corporal. Tres dos cinco profesores asociados que impartiron docencia no Máster son doutores.

A distribución das materias en relación ao profesorado, categoría e áreas de coñecemento, foi a seguinte:

Curso 20210-2022. Relación entre áreas, materias e profesorado		
Área	Materia	Profesorado
Teoría e Historia da Educación	A natureza como medio educador.	CU
Filosofía Moral	Ética e natureza.	TU
Hª Contemporánea	Historia ambiental.	TU/Investigador
Didact E. Musical	Música e natureza.	Asociado
Didact. E. Plástica	As artes plásticas e a natureza.	CD/CD
Didact. Ling e Lit	Literatura e Natureza	Asociado
Botánica/Produción Vexetal/Zooloxía	Ecosistema e biodiversidade.	TU/CD
Didáctica Ciencias Sociais/Edafoloxía	Coñecemento xeográfico do medio natural.	CU/CU
Botánica/Enxeñaría Agroforestal/Historia da Arte	Natureza, paisaxe e arquitectura rural.	TU/TU/TU
Teoría e Historia da Educación	Dirección de grupos e resolución de conflitos.	CU/AS
Teoría e Hist. da Educ/Didac E. Corporal	Equipamentose organización de actividades.	CU/Asociado
Economía	Lexislación e xestión económica.	CD
Didac. CC. Experimentais	Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental.	T3
Didac E Corporal	Deseño e organización de actividades motrices ao aire libre.	AD
Didac E Corporal	O excursionismo e a vida ao aire libre: fundamentos e modelos.	AD
Didac E Corporal	Recursos para activid. motrices para persoas con diversidade funcional**	Asociado
Didac. CC. Experimentais	Recursos para activid. de Ciencias da Vida e a Terra con escolares**	Cont interino
Edafoloxía/Didac E Corporal/ Teoría e Hist da Educ	Aprendizaxe experiencial en contornas singulares**	CU/CU/Asociado
Didac e Organización Escolar* /Didac E Corporal	Prácticum	Asociado/Asociado
Didac E Corporal*	Traballo Fin de Máster	Todos

*coordinación ** materias optativas

Compre salientar que é preocupante a escasa presenza de PDI funcionario e a lentitude na promoción que resulta do profesorado permanente non funcionario. Unha eiva académica que necesita ser solucionada na Facultade de Formación do Profesorado.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio da Facultade está formado por 11 persoas, membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS), das cales 4 pertencen á área de administración, 3 á área de conserxería e 4 á de biblioteca. Este persoal dá soporte aos preto de 900 estudantes das titulacións que se imparten na Facultade. Todo o persoal conta coa cualificación adecuada para desenvolver as tarefas relacionadas coa titulación.

O persoal de apoio é suficiente nas áreas de biblioteca e administración, porén, sería desexable incrementar nunha persoa ao cadro de persoal da área de conserxería na quenda de tarde para poder ofrecer unhas condicións óptimas de apoio á docencia e a atención ao estudantado. Nesta quenda traballa unha única persoa para dar servizo a todas as titulacións (todas elas programan actividades docentes en horario de tarde), e a outras actividades que se desenvolven na Facultade (clases de cuarto ciclo, cursos programados pola universidade, conferencias públicas e actividades externas, etc.).

Compre destacar que os estudantes da promoción 2021-2022, o que máis valoraron da titulación foi a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4 puntos sobre 5). O profesorado deulle a máxima puntuación, 5 puntos na escala Likert.

A participación do PAS nos plans de formación da USC aumentou considerablemente nos cursos anteriores, pasando dun 41,67% no curso 2016-17 ao 66,67% durante o curso 2018-19, pero non temos datos referidos ao curso actual, nin dos anteriores, posiblemente polas dificultades ocasionadas pola pandemia no desenvolvemento da actividade presencial nos centros.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirxilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirxilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e révisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas internas son apropiadas e suficientes para impartición da docencia do Máster, que se desenvolve na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo. No curso 2021-2022, se regresou paulatinamente ao estado de normalidade, aínda que con algunhas prevencións que non impediron o desenvolvemento normal das actividades, especialmente no segundo semestre.

Unha parte da docencia “intramuros” na Facultade desenvolveuse nas aulas de música e plástica, así como o laboratorio de ciencias experimentais. O centro ten abundantes puntos de reunión e traballo para estudantes, aula de informática, acceso a redes telemáticas e biblioteca dotada con bibliografía específica aos intereses do título como non existe noutro punto de Galicia, como os mesmos estudantes recoñecen. No

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

segundo semestre poido desenvolverse a docencia nas aulas de xeito activo.

Como equipamento específico para o Máster se conta con material de montaña que permite poñer exemplos sobre o equipamento persoal e prácticas ao aire libre (material de escalada e tendas de campaña fundamentalmente), así como ferramentas para a plantación de árbores e uso do horto de balcón que existe na Facultade. O resto das instalacións que se usan como a Estación Científica de Seoane do Courel (aínda que neste curso non puído ser utilizada) están adaptadas a accesibilidade universal, ben sinalizadas, e no caso da Facultade de Formación do Profesorado, cun plan de evacuación que foi xa ensaiado en varias ocasións. Ademais os estudantes deste Máster reciben formación específica básica en primeiros auxilios e rescate en montaña.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe son algo inferiores aos do curso anterior pero cumpren con folgura as condicións establecidas na Memoria de verificación do título. Baixa a taxa de rendemento, mentres a de éxito é lixeiramente inferior. A taxa de avaliación que mide a “relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados” tamén descendeu, porén segue a ser moi positiva o indicador de duración media dos estudos, segue a ser moi positiva, así como a taxa de abandono. Porén ningunha destas variables é preocupante e negativa, están no abano de variabilidade previsto na Memoria do título.

Indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	Media USC 2020-21
Taxa de rendemento	94,53	88,63	88,64	96,51	98,46	90.41	90,08
Taxa de éxito	99,23	98,69	99,29	99,60	100,00	99.52	99,01
Taxa de avaliación	95,26	89,80	89,27	96,90	98,46	90.85	90,98
Taxa de graduación	78,57	85,19	83,33	73,33	92,00	90.85	85,11
Duración media dos estudos	1,00	1,30	1,11	1,38	1,17	1.17	1,45
Taxa de abandono	21,43	3,70	8,33	13,33	0,00	0.00	6,55

En relación coa taxa de abandono, que mide a “relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior”, lembrar que segue a estar en valor cero. Pero en canto a situación interna dos estudantes que non presentan o TFM no curso en que estudan a titulación ou curso posterior, e cun sentido de observar a evolución dos resultados, tal como se indica na primeira táboa do criterio 1.1 deste informe, compre salientar que o 86,25% dos estudantes que iniciaron este Máster o remataron: 207 dun total de 240. O que fai a este título estea nos parámetros aceptables de acadar unha titulación é conforme as

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

previsións da Memoria.

A metodoloxía docente está exposta nas guías de cada materia e se axusta aos propósitos e metas que persigue a titulación. O curso pasado se fixo unha enquisa para que todas as materias tiveran cubertas as previsións sinaladas en cada guía. Non se atopou ningunha desviación substancial en relación coa memoria, aínda que a práctica docente e os propios principios pedagóxicos nos que se basea o Máster está a producir moitas novidades metodolóxicas e conceptuais. O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e un dos máis transversais que ten o sistema universitario galego con intervención de 17 áreas de coñecemento. A propia mecánica da docencia estimula unha pedagogía activa visible na alta cantidade de ensinanza/aprendizaxe que se fai ao aire libre e os exercicios de avaliación que se asignan a esta parte da formación. Se usa unha metodoloxía que prima a aprendizaxe na acción con experiencias en contornas naturais. Os documentos docentes reflicten un grao moi alto de aprendizaxe experiencial nas actividades ao aire libre.

A nota media de cualificación dos Traballos Fin de Máster do curso 2021-2022 foi de 7,5 lixeiramente inferior a so curso pasado, 8,24, aínda que o número de Traballos Fin de Máster presentados e sensiblemente menor: 13 fronte a 29 do curso 2020-21. Os temas desenvolvidos polos estudantes acadan unha grande variedade nos temas, que garanten tanto a versatilidade do título, como que as competencias se acadan dun xeito moi persoalizado, conforme os intereses que procura cada estudante: a adaptación e estudo de rutas de sendeirismo, as rutas literarias, a música na natureza, os incendios forestais, as mulleres viaxeiras, as percepcións da familia sobre a educación na natureza, a labor educativa nas grandes organizacións ecoloxistas, a escola na natureza, os proxectos de xogo na natureza, a importancia da literatura, a arte e a paisaxe en sentido comparad, amosan como as competencias do Máster son flexibles aos intereses dos estudantes. Nesta ocasión a taxa de éxito do TFM quedouse no 92,31%, pero a taxa de rendemento e baixa xa que so presentaron o seu TFM 13 dos 24 estudantes, dando un valor de rendemento na materia do 52,17%.

Nº	Título do TFM	Cualific.	Titor
1	Natureza itinerante: unha ferramenta para recuperar memorias e xerar coidados entre persoas maiores e medio ambiente.	8	Ana Cabana Iglesia
2	Como aumentar a sensibilidade da poboación fronte aos incendios forestais: Unha experiencia educativa baseada na metodoloxía Aprendizaxe-Servizo	7	Agustín Merino García
3	A Educación na Natureza na provincia de Lugo. Percepción das AMPAS	9,7 (M.H.)	Jacobo Feás Vázquez/Miguel Cons Ferreiro
4	A literatura infantil e o aprendizaxe por descubrimento como modo de ensinanza: os incendios forestais.	6	Agustín Merino García
5	Educación na natureza como modelo de escola.	6	Eugenio Otero Urtaza
6	Unha visión xeral do sistema da educación ao aire libre en Eslovenia a través da análise das actividades dos programas educativo-deportivos do Centro para a Educación Escolar no Medio Natural (CSOD)	9,5	Miguel Cons Ferreiro
7	Educación ambiental e activismo verde: Análise crítica da oferta educativa de Greenpeace España.	9,3	Ana Cabana Iglesia
8	Viaxeras intrépidas por Argentina	8,0	Beatriz Fernández Herrero
9	Deseño dun paseo sonoro no Concello de Samos	9,5	José Agustín Candisano Mera

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

10	Proxecto Timbó: O xogo ao refuxio da natureza.	9,0	<i>Marcos Mecias Calvo</i>
11	O conto como xerador de conciencia sobre as problemáticas ambientais globais e locais: proposta de ecoliteratura para o público infantil	7,0	<i>Javier López Quintans</i>
12	Arte e natureza: conceptos da paisaxe na arte tradicional chinesa e as diferenzas de Europa	5,0	<i>Salvador Cidrás Robles</i>
13	Proposta para a creación dunha ruta educativa de sendeirismo pola comarca de A Ulloa para o alumnado de 6º de Educación Primaria	4,0	<i>Miguel Cons Ferreiro</i>

O indicador de avaliación do TFM baixou así considerablemente este curso por dita razón, o que tamén inflúe que os graduados da promoción do curso sexa inferior aos dous anteriores. A maioría deses estudantes están actualmente matriculados coa finalidade de rematar os estudos.

INF 19 Informe de acreditación de taxa de avaliación das materias do plan de estudos					
Curso	2017-18	2018-19	2019-20	2020-2021	2021-2022
TFM %	73,78	50,00	76,47	87,88	56,52

O Máster realiza a metade das súas actividades ao aire libre en espazos exteriores á Facultade de Formación do Profesorado e precisa dun gasto importante de autobuses para o desprazamento e realización de actividades. No curso 2021-2022 se desenvolveron as saídas conforme as normas sanitarias esixidas pola USC. No segundo semestre foi xa posible realizar actividades con pernocta, saíndo os estudantes a facer as saídas programadas na Fonsagrada (3 días e dúas noites) e Picos de Europa (Catro días e tres noites). No primeiro caso contouse co concello da Fonsagrada que sufragou as pernoctas nun albergue e púso ao servizo da expedición autobuses para trasladarse aos lugares onde estaba o inicio das rutas. No caso de Picos de Europa, se contou coa colaboración do programa "Plantando cara ao lume" que sufragou unha parte dos gastos da estancia no camping de San Pelayo en Potes (Cantabria).

Os estudantes dispoñen dunha bibliografía específica e actualizada sobre educación ao aire libre de ampla utilidade na súa formación. A Biblioteca da Facultade adquire novos títulos cada ano e realiza cursos para que os estudantes teñan unha maior habilidade cara as competencias informativas.

A acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día. Se fai un acto oficial na que o equipo decanal presenta o centro e describe as súas instalacións e da a benvida. En ocasións, como neste curso 2021-2022, tamén asiste o Vicerreitor do campus. Logo intervén o coordinador do título describindo os seus obxectivos e metas, así como a tipoloxía de actividades que se van desenvolver. Nunha segunda parte un dos profesores do Máster imparte unha conferencia e logo todos os estudantes se reúnen co coordinador e unha parte do profesorado que quere asistir para facer as presentacións e darlles informacións sobre as características e desenvolvemento do título. Ao longo do curso se establecen varias sesións de coordinación tanto para a preparación das actividades como para examinar a marcha do Máster. Os debates e explicacións son frecuentes por esta circunstancia.

A realización das prácticas externas curriculares está condicionada a firma dun convenio coa institución de acollida. Ademais do convenio, o estudante, a institución que o acolle e o titor da universidade firman un anexo de colaboración educativa no que se fixan as condicións en que se vai a desenvolver ese período de prácticas no que se fai constar o contido e traballo de formación e actividades que desenvolverá o estudante.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de demanda permitiron que a taxa de ocupación fose case plena a pesar dos efectos que pandemia. Destaca na táboa o incremento de estudantes estranxeiros como non ocorrera en promocións anteriores o que, consecutivamente, conlevou que fose o curso con menos inscrición de estudantes da USC. A praza vacante foi consecuencia da baixa dun estudante no último momento da matrícula, que impediu que fose cuberta coa lista de espera. Consideramos así que non houbo unha baixada do interese que suscita a titulación: foi un problema máis ben técnico, de final de prazos.

4312425-Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza								
Código	Concepto	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
IN01M	Prazas ofertadas	28	25	25	25	25	25	25
IN02M	Matrícula	36	31	38	22	34	33	
IN03M	Matrícula de acceso	28	27	24	15	25	25	24
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición (%)	-	-3,57	-,11	-37,50	66,67	0,00	-4,00
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%)	100	96,30	100	100	100	100	100
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	0,00	0,00	5,26	4,55	8,82	3,03	23,08
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados (%)	5,56	19,35	15,79	4,55	23,53	12,2	11,54
IN12M	Taxa de ocupación	100,00	108,00	96,00	60,00	100,00	100,00	96,00
IN13M	Matriculados que son titulados da USC (%)	80,56	54,84	65,79	86,36	61,76	72,73	50,00

No que respecta a resultados, a puntuación ten que ser baixa xa que so un 50% dos estudantes desta promoción remataron os estudos no curso, quedando o outro 50% pendente para o curso seguinte, un resultado que contrasta vivamente coa promoción anterior.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración do Máster tanto por parte dos estudantes como do profesorado sigue sendo alta desde a súa implantación conforme as enquisas de satisfacción coa docencia e o título recibidas. O resultado é globalmente moi positivo. Aínda que se nota un descenso nas valoracións globais por parte dos estudantes da docencia recibida en relación cos cursos anteriores 3,90 en escala de Likert, mentres no curso 2018-19 foi de 4,18, e no curso 2019-20 foi de 4,33 (non temos datos do curso 2020-2021). Neste nivel de satisfacción o item mellor valorado foi a actitude receptiva do profesorado cara aos estudantes (4,45), seguida axuda proporcionada nas titorías (4,25), a resolución de dúbidas (4,20). O item que recibiu unha puntuación máis baixa foi o referido a se os recursos didácticos reforzaban a comprensión da materia (3,55). A participación dos estudantes foi dun 20%, igual que no curso 2019-2020, que si ben non é un dato concluínte, apunta tendencias razoables. A satisfacción do profesorado coa decencia impartida manifesta moita máis satisfacción. A valoración global é de 4,48 puntos. As respostas máis altas refírense a que se informa axeitadamente dos criterios de avaliación da materia e a accesibilidade en clases e titorías (4,86), seguido do interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (4,85) e a autopercepción de que organiza ben as clases e que teñen un trato correcto cos estudantes (4,79). Están satisfeitos coa súa labor docente cunha puntaxe de 4,71. O punto máis feble o atopan no material existente na USC de apoio á docencia que non sempre consideran axeitado (3,79). A participación do profesorado na enquisa foi alta (43,48%, 10 profesores).

A satisfacción dos estudantes coa titulación é sensiblemente máis baixa que os dous cursos anteriores. Mentres en 2019-20 a satisfacción global foi de 3,91, e no curso 2020-21 foi de 3,83, no curso 2021-22 é de 2,96. O item peor puntuado é o referido a organización da titulación: os estudantes consideran que está mal organizada; 1,67. Valoran ben a atención que lles presta o persoal de administración e servizos (4,00) e tamén puntúan alto os trámites de matrícula, a información dispoñible, e o calendario de exames (3,67). Existe tamén insatisfacción coa titulación (2,67). Aínda que a significación da enquisa é menos significativa ca da docencia 12,% de participación, 3 estudantes, se considera que este é un punto sobre o que a Comisión debe poñer atención.

Contrasta moito estas consideracións coas do profesorado. A satisfacción global é superior a de anos anteriores, 4,79. E en oito items responden coa máxima puntuación de cinco puntos: atención prestada polo persoal de administración e servizos, recursos dispoñibles, o campus virtual, o calendario de probas de avaliación, a calidade docente da titulación, o cumprimento da planificación académica polo alumnado, a implicación e satisfacción dos estudantes. O item con puntuación máis baixa (4,40) se refire a información que se ten sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos e competencias). Aínda que a participación (21,74%, 5 profesores) é menor que na enquisa de docencia, apunta a unha posible discrepancia coa opinión dos estudantes que merece ser tida en conta, e tratada en reunións conxuntas profesores estudantes que xa nalgunha ocasión se fixeron con moi bos resultados prácticos.

Cabe salientar que a coordinación do profesorado é un dos aspectos máis dificultosos no desenvolvemento da docencia: participa neste Máster profesorado de catro dos seis centros do Campus de Lugo, ademais de

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

dous profesores do campus de Compostela que foron chamados e cooperan por seren eles especialistas de recoñecido prestixio no seu ámbito, e polo tanto é de máximo interese a súa participación. Engádesse a esta circunstancia o carácter multidisciplinar da formación que reciben os estudantes que fai que estean implicadas actualmente 17 áreas de coñecemento. É un dos seus puntos fortes, pero asemade implica coordinar e facer entenderse a culturas académicas de procedencia moi diferente: enxeñeiros, economistas, biólogos, historiadores da arte, historiadores contemporáneos e filósofos, que cos formadores de profesores máis afeitos compoñen o seu cadro docente. Esta diversidade de culturas académicas sempre foi un reto no desenvolvemento da docencia. Porén non é a docencia impartida o que parece estar en cuestión senón algúns aspectos da organización e da distribución de tarefas que é motivo de queixa e dunha puntuación baixa. É necesario unha análise que permita tomar decisións que optimicen os aspectos administrativos e de xestión, e unha mellor organización das aprendizaxes.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os índices de satisfacción dos egresados coa titulación, teñen poucas referencias no últimos tres anos. En certo contraste coa xeira actual, a satisfacción que amosan os novos titulados é a mais alta da serie histórica desde 2017. Enténdese que a taxa de éxito se refire a unha situación distinta e probablemente anterior, porque no se corresponde cos resultados académicos reais.

Descrición dos egresados						
Indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020	2020-2021	2021-2122
IN23M	3.33	3.07	3.13	-	-	-
IN33M	3.50	3.78	3.87	-	-	-
IN42M	3.07	2.37	3.23	-	3.26	3.55
IN50M	100.00	97.11	98.90	95.77	99.31	100.00
IN53M	100.00	97.11	98.90	95.77	97.97	98.36

IN23M Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible.
IN33M Satisfacción dos egresados cos servizos.
IN42M Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a planificación e desenvolvemento do título.
IN50M Taxa de éxito dos egresados. Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.
IN53M Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados). Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou.

Non existen novidades con respecto ao nivel de emprego dos estudantes do máster en relación co curso anterior, polo que se entende que non houbo novas sondaxes por parte da USC e que os datos son os que xa se deron o curso pasado (2020-2021).

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Titulados que algunha vez traballaron desde a finalización do Máster				
Traballan	Non Traballan pero traballaron	Non traballaron desde que terminaron o Máster	Non buscan emprego	
70%	10%	10%	10%	
Tempo medio transcorrido (en meses) desde a finalización do Máster ata atopar o primeiro emprego				7,8
Tiñan traballo	En menos dun mes	Entre 6 e 12 eses	Máis dun ano	
37,5%	25%	25%	12,5%	
Tempo medio (en meses) traballado desde que finalizou o Máster				15,83
Menos de 6 meses	De 6 meses a un año	De 1 a 2 años	De 2 a 3 anos	
37,5%	0%	25%	37,5%	
Tempo medio (en meses) traballado desde que finalizou o Máster nun emprego relacionado co Máster				11,25
En menos de 6 meses	De 6 meses a un año	De 1 a 2 años	De 2 a 3 anos	
62,5%	-	-	37,5%	

Os datos para a situación do máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza entre os do seu campo seguen a ter o mesmo significado, sen que poidamos estudar ás variacións con respecto do curso pasado, que en todos os casos tiña unha posición lixeiramente inferior na mediana.

Capacidade de emprego do Máster en relación co másteres en Ciencias Sociais e Xurídicas da USC		
<i>Tempo medio (en meses) transcorridos desde que finalizou o máster ata que atopou o seu primeiro emprego</i>	<i>Tempo medio (en meses) traballando desde que finalizou o máster</i>	<i>Tempo medio (en meses) traballando desde que finalizou o máster <u>cun emprego relacionado co máster</u></i>
0,50	2,00	0,00
1,00	2,00	0,00
2,00	9,00	0,75
3,60	12,00	5,00
3,67	15,83Máster DAEN	5,43
3,80	16,00	5,69
4,14	16,15	8,06
4,88	16,80	8,82
5,00	17,24	9,83
6,00 Mediana	17,83	10,83
>>>> 6,00	18,25	11,25Máster DAEN
6,00 Mediana	18,33	11,26
6,63	19,17	11,50
7,80 Máster DAEN	19,50Mediana	11,63Mediana
8,28	>>>> 19,83	>>>> 11,71
9,33	20,17Mediana	11,80Mediana

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

9,43	21,75	12,00
10,00	21,82	12,03
10,20	24,00	14,00
10,31	24,00	14,00
11,67	25,52	14,05
11,67	25,67	14,75
12,00	26,13	15,17
12,00	26,33	16,80
14,00	26,56	20,33
34,00	27,40	22,78
NON PROCEDE	28,25	24,00
NON PROCEDE	28,75	25,25
NON PROCEDE	29,00	27,40

O título ten pendente de realizar unha mellora sobre os mecanismos para a formación para o emprego, que é ademais obrigada polo último Informe de acreditación para a continuidade do máster. No último informe xeral de satisfacción xeral de egresados que foi aplicado pola USC no primeiro semestre do curso 2020-2021, e que consta como Informe elaborado no Curso Académico 2021-22, non participou ningún estudante deste Máster, pero nas súas referencias globais de estudantes de máster, a utilidade dunha titulación de Máster para o mercado laboral é puntuada con 3,65 na escala Likert, e asemade se afirma que a titulación (no caso dos que están traballando) ten relación co labor que fan profesionalmente. Aínda que todas as titulacións está por enriba dos 3 puntos, a máis baixa se refire a creatividade (3,07), e a satisfacción coa titulación é alta 3,65 puntos, case a mesma, que a correspondeu este ano, a esta Máster, que a levou lixeiramente máis baixa (3,55).

En todo caso parece necesario revisar todos os criterios dos mecanismos de funcionamento do título, e darlle importancia a establecer unha proposta de mellora en relación coa formación para o emprego.

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

3. <u>MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4312425_P.Ind_2022-2023
			4312425_INF.16_2022-2023
			4312425_INF.CiUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4312425_I2_2022-2023
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que	4312425_P.Ind_2022-2023

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

		participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	5017_INF.03_2022-2023
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	URL da USC URL do Centro URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4312425_P.Ind_2022-2023
			4312425_INF.04_2022-2023
			5017_INF.05_2022-2023
			4312425_INF.06_2022-2023
			4312425_INF.07_2022-2023
			4312425_INF.08_2022-2023
			4312425_INF.09_2022-2023
			5017_INF.10_2022-2023
			5017_INF.11_2022-2023
			4312425_INF.13_2022-2023
			4312425_INF.14_2022-2023

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

			5017_INF.21_2022-2023
			4312425_INF.22_2022-2023
			4312425_INF.23_2022-2023
			4312425_Informe_de_indicadores_2022-2023
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4312425_P.Ind_2022-2023 4312425_Informe_de_indicadores_2022-2023
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4312425_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5017_E16_2022-2023
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-17_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5017_I6-17_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4312425_INF.13_2022-2023 4312425_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5017_I10_2022-2023
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de	Enlace web ou PDF

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

		prácticas	
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4312425_INF.15_2022-2023
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4312425_P.Ind_2022-2023
			4312425_INF.17_2022-2023
			4312425_INF.18_2022-2023
			4312425_INF.19_2022-2023
			4312425_INF_SIIU_2022-2023
			4312425_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4312425_P.Ind_2022-2023
			4312425_INF.CiUG_2022-2023
			4312425_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	4312425_EIL-SIIU_2022-2023 4312425_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4312425_P.Ind_2022-2023 4312425_Informe_de_indicadores_2022-2023 4312425_MedUSC_cursocelda

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**